

Escritores galegos, vascos a cataláns repudian os «intentos de exclusión» de colegas españois

Galeusca posiciónase fronte ao «Manifesto por la lengua común»

La Voz

SANTIAGO | A Federación de Asociacións de Escritores Galeusca posiciónase fronte ao *Manifesto por la lengua común* e o discurso «pretendidamente homoxeneizador e centralista que subxace nel», cun decálogo no que fan constar a súa posición, á que convidan a mostrar a súa adhesión no correo electrónico oficina@aelg.org da web www.aelg.org

O texto que os escritores galegos, vascos e cataláns fan público afirma que a realidade plurilingüe que conforma e dá existencia ao Estado español reproduce de xeito transparente «unha diversidade lingüística e cultural común á maioría dos Estados que conforman a Europa plurilingüe», que galego, éuscaro e catalán «non son inventos recentes» e que a súa perda de usos públicos produciuse «por invasión da lingua que se decretou como oficial do Estado sen consulta nin acordo previo».

Fan ver que a cidadanía de Galicia, Euskadi e Cataluña asume a esixencia constitucional do deber de coñecer o castelán, cando con respecto as súas linguas propias «a lexislación non prevé a obriga de seren coñecidas nos seus territorios, o que establece unha asimetría nos dereitos lingüísticos da cidadanía que quere exercer o dereito, que lles é recoñecido, a usalas». Lembran que tamén son linguas oficiais de arredor do 40% da

poboación do Estado español, e que o dereito ao uso público da lingua propia, en todas as instancias, está recoñecido en todas as lexislacións democráticas do mundo. Din que, pola contra, «a visión anuladora da realidade plurilingüe española que transmite o manifesto leva a pensar na similitude coas teses da etapa franquista».

O decálogo subliña que a competencia plurilingüe sempre será «unha chave que abra as fronteiras do respecto polo outro», e que o manifesto «parte dunha premisa que non se corresponde coa realidade, pois en ningún caso o castelán corre perigo ningún en todo o territorio do Estado». Consideran ademais que aprender linguas débese entender en positivo, e que nas tres comunidades en cuestión «é imprescindible» a competencia nas dúas oficiais para que cadaquén decida libremente cal usa, así como que garantir ese dereito constitucional precisa unha política lingüística adecuada.

Conclúen proclamando a súa vontade «de seguir escribindo nas nosas linguas» e de contribuír aos respectivos procesos de normalización como un dereito irrenunciabile. Repudian «enerxicamente os intentos de exclusión que colegas escritores españois realizan das nosas linguas» e lamentan «que se dediquen a combateren o máis próximo e asimetricamente discriminado».